

IV RAID ODISEO - CONCELLO DE ORDES



SÁBADO 2 DE XULLO

- ♣ 08:00 h. Entrega de documentación.
- ♣ 08:30 h. Briefing.
- ♣ 09:00 h. Saída do Raid (Campo da Feira).
- ♣ 17:30 h. Chegada primeiros equipos.
- ♣ 19:00 h. Peche de meta.
- ♣ 19:30 h. Entrega de trofeos e pinchos.

A Organización porá a disposición dos equipos que o desexen char duro para dormir a noite previa, para iso debes indicalo no correo no que nos remitades a inscrición.

SECCIÓNS

1ª Sección : BTT 27 km. (625 m de desnivel)

Material obligatorio adicional por participante: Casco.

Material obligatorio adicional por equipo: Kit reparación BTT.

Material recomendable: Gafas.

2ª Sección: TREKKING 8,5 km. (490 m de desnivel) + RÁPEL

Material obligatorio por equipo en rápel:

ÉLITE: 1 casco por corredor (3), 2 arneses, 4 mosquetóns de seguridade, 2 bagas de anclaxe, 2 descensores homologados, 2 shunts ou cordinos (7 ou 8 mm. Non kevlar), 2 pares de luvas longas.

AVENTURA: 1 casco por corredor (2), 1 arnes, 2 mosquetóns de seguridade, 1 baga de anclaxe, 1 descensor homologado, 1 shunt ou cordino (7 ou 8 mm. Non kevlar), 1 par de luvas longas.

Material recomendable: Polainas, Portamapas estanco, Gafas.

Nota: Realízano dous en Élite e un en Aventura, aínda así, o caso é obrigatorio para todos os corredores que realicen esa sección. Existirán neutralizacións en caso necesario. Os equipos neutralizados non poderán equiparse co material de rápel ata que o reloxo este en marcha.

3ª Sección: BTT 9 km. + Kaiak 4 km. + BTT 17 km.

Hora de corte: 15:30, Os equipos que cheguen máis tarde desta hora non poderán facer o kaiak.

Material obligatorio adicional por participante: Casco.

Material obligatorio adicional por equipo: Kit reparación BTT.

Material recomendable: Portamapas estanco.

Nota: A organización disporá do kaiak, chaleco e pala para cada corredor. As balizas do kaiak valen **dous puntos**.

4ª Sección: ROGAINE (Máximo 2 horas)

Material recomendable: Polainas, Gafas.

Nota: O formato desta etapa será a de conseguir o máximo número de puntos balizados dentro do límite das 2 horas. Si se sobrepasa este límite, pérdense todas as balizas desta sección. As balizas desta sección teñen diferente puntuación unhas de outras. Os equipos terán dereito a chegar á meta, tantos minutos sobre a hora de peche como foran neutralizados nas seccións anteriores (Artigo 4.4 regulamento Raids AGACO).

Recorrido total: Aproximadamente 65,5 km.

MATERIAL OBRIGATORIO DO RAID (SEMPRE EN CARREIRA)

Por equipo:

- ♣ Botiquín (1.5 mts de venda, antiséptico, esparadrapo).
- ♣ Teléfono móbil co PIN indicado na parte posterior.

Por participante:

- ♣ Silbato e coñecer o código morse de SOS.
- ♣ Manta térmica.
- ♣ Bidón ou “CamelBak” cunha capacidade mínima de 1 litro.

PARTICIPACIÓN

Para participar será obrigatorio ter 16 anos cumpridos ou máis, os menores de 18 anos con autorización familiar, e estar en posesión da licenza de Raid da FEDO ou da proba.

É necesaria asistencia, a cal para os equipos de aventura poden facer eles mesmos.

Para os equipos de elite, a organización poderá desprazar un bulto por equipo para os puntos de transición.

Na caixa de material, os equipos de elite deberán levar o material de rápel, zapatillas, comida, bebida e material adicional (a organización considera que un bulto é suficiente para todo o material, pero se algún equipo precisa do transporte dalgún bulto adicional, non habería problema en transportalo) os bultos deberán ser caixas plásticas debidamente identificadas con grandes letras e/ou números que identifiquen o

equipo, estas deberán estar debidamente pechadas e almacenadas nos lugares que a organización dispoña, se algún equipo deixara unha caixa aberta ou fora de lugar nas transicións, a organización non se fará responsable da perda do contido da mesma.

PREVISIÓN

R	▶ 65,5 Km ◀	▲ 2.215 m		66	86	▶ 8h 15' ◀
	Distancia	Des. Acum. +	Disciplina	Pc's	Puntos	Mellor Tempo
S1	▶ 27 Km ◀	▲ 625 m		15	15	2h
S2	▶ 8,5 Km ◀	▲ 490 m		12	14	1h 45'
S3	▶ 9 + 4 + 17 Km ◀	▲ 650 + 0 + 450 m		5 + 2 + 7	7 + 4 + 7	2h 30'
S4	▶ Aprox. 18 Km ◀	-		25	Max. 39	2h
			TOTAIS :	66	86	8h 15'

FORMATO DE EQUIPO

- **ÉLITE**, con formato 3+0, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.
- **AVENTURA**, con formato 2+1, dous compoñentes en competición e un corredor alternando.

INSCRICIÓN

A data límite de inscrición, improrrogable, será ata as **22:00 HORAS DO MARTES 28 DE XUÑO**. Os equipos terán que enviar o formulario de inscrición oficial e o xustificante de pago da cota ao enderezo info@clubseo.es. Cando envies o correo solicítade a confirmación de lectura para garantir que non se perde ningunha inscrición.

Cotas de inscrición

A cota de inscrición por equipo será de **54€**, os membros do equipo que non teñan licenza de Raid, terán que aboar 3 € / participante, para obter a licenza de proba.

O pago da cota de inscrición do equipo e das licenzas de proba faranse co concepto de ingreso de "Raid Odiseo – NOME EQUIPO" na seguinte conta:

CAIXA NOVA - 2080 0170 17 0040006959

REGULAMENTOS

- A Copa Galega de Raid de Orientación estará suxeita ás normas da AgaCO (<http://agaco.es>) e da FEDO (<http://www.fedo.org>), para os Raids.
- A modalidade de competición será **LINEAL SEN PARAR** excepto para a última sección que será en formato **SCORING**. Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de PC's e en segundo lugar ao tempo invertido, este será o total empregado para realizar o raid menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.
- Aínda que non é probable que se precise, poderíase ter que neutralizar tempo no kaiak.
- **Penalizacións:**
 1. Algunhas seccións terán un tempo máximo de realización, sobrepasalo implica non realizar a seguinte sección e penalizar a totalidade dos puntos da sección.
- **Bonificacións:**
 1. Según as contempladas para equipos mixtos no Regulamento para Raids da tempada 2010 (<http://agaco.es/agaco/downloads/>)

